



OS CANEIROS DE PORTOMARÍN

Rosario Gómez Alcalde

Debuxos: Camilo Seira


Cada ano ao descender o volume das augas, o encoro de Belesar deixa ao descuberto os vestixios do vello Portomarín e do seu modo de vida asolagados no ano 1963. Unha das pegadas máis rechamantes que asoman neste tramo do río Miño son as construcións feitas para a pesca da anguía, os caneiros e as caneiras.

No ano 2020, enmarcada nunha investigación promovida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, puidemos entrevistar persoas que aínda viviron nese Portomarín anterior á construción da presa e, a través da nostalgia que entrañan as súas palabras e silencios, dende os seus recordos, coñecementos e experiencias, puidemos afondar nese xeito tan particular de viviren e de explotaren os recursos do río. O percorrido polos caneiros que amosa este artigo é froito destas conversas e das pescudas que elas impulsaron.

Construír os caneiros, aseguran, non era unha tarefa sinxela. Realizábase na época estival aproveitando que o río levaba menos caudal e que se podía desviar a auga de forma doada para construír directamente sobre o leito fluvial. Pero antes, para identificar o tramo de río onde situalos, porque había que ter en conta que non entorpecese os caneiros que xa existían e tamén a preferencia das anguías polas correntes e as augas pouco fondas, tirábase dende a ponte un fachuco de palla que se seguía para ver por onde discorría a corrente do río, a vea, e unha vez localizada a zona da corrente marcábase para situar aí a que sería a *boca* do caneiro.


Despois de marcar a *boca* empezábase a facer a *pía*, primeiro construíanse os muros exteriores, empregando lousas de xisto, rematados con pedras colocadas diagonalmente a modo de chapacuña, no sentido da corrente, e logo o interior reenchíase co entullo, feito a base de cantos rodados do río e de anacos de xisto. A *pía* ten forma triangular e o ángulo sobre o que rompe a corrente, que se chama *armadoiro*, traballábase de xeito máis homoxéneo para que puidese soportar a forza da corrente.

1ª FASE CONSTRUTIVA: A PÍA



Rematada a *pía*, e tendo en conta a apertura da *boca*, unha a cada lado da *pía* se é caneiro e só unha no caso das canieiras, comezaban a erguerse as *espigas* que se apoiaban en calzos para que quedasen ben asentadas no leito do río. As dúas *espigas* construíanse con chantos de xisto solapados, chantados directamente no leito do río e dispostos de tal modo que canalizasen o fluxo cara á *pía* a modo de funil, deste xeito, conducen a auga ás *bocas* onde se coloca o aparello. Estas *espigas* rematan ao chegar á *boca* nun muro de xisto máis ou menos cuadrangular chamado *carrual*, que é onde se engancha o aparello. Unha vez construídas as *espigas* reforzábanse pola cara exterior con pedras que se acumulaban facendo de contraforte para evitar que a forza da auga derrubase os chantos das *espigas*.

2ª FASE CONSTRUTIVA: ESPIGAS E CARRUALES



Finalmente levantábase a *caseta* na metade frontal da *pía*, deixando un amplo espazo libre na parte posterior para poder traballar cos aparellos. A *caseta* podíase facer de forma permanente para o que se utilizaba a pedra, nun proceso construtivo semellante á *pía*, ou de forma temporal con material vexetal. Esta caseta temporal chámase *palloza* ou *pallaza* e facíase con palla ou xesta que se dispoñía sobre unha estrutura de varas de madeira, normalmente en carballo ou castaño, unidas na zona superior, mentres que o corpo se entrelazaba con vimbio, salgueiro, ou máis recentemente con fío de cânabo. Nas noites de moito temporal era preciso que algún dos pescadores, e incluso os nenos e as mulleres, a suxeitasen para que non marchase coa forza do vento. A *caseta* segue acubillando os pescadores que nas noites de pesca, igual que antano, fan unha fogueira no seu interior coa que ademais de quentarse cociñan as anguías que caen no aparello.






Para pescar as anguías fan falla redes, e estas teñen a peculiaridade de que os ocos van decrecendo, dende o primeiro tramo, chamado *raros*, onde o oco é maior ata a parte final da rede, chamada *manga*, onde o oco é de menor tamaño. Antes fiábanse no mesmo Portomarín con agullas, igual que as redes de pesca marítima, e adoitaban ser de cánabo ou liño e ter uns cinco metros de lonxitude.

Este aparello ármase na *boca* do caneiro colocando no leito do río a *cadea* ou *agulla*, que é unha peza de madeira, normalmente de castiñeiro, ou carballo que se encaixa no *carrual* e na *pía*, uníndoos, e, na parte superior da *boca*, fóra da auga, colócase o *arco* que tamén é de madeira, pero esta vez o máis habitual é empregar loureiro debido á súa flexibilidade. Logo á altura da zona superior do muro da *pía* e dos *carruales* colócase outra vara de madeira que é o *tesón* e serve para tensar a rede de xeito que permaneza coa *boca* aberta.

O aparello posúe no extremo a chamada *solta* ou *gapio* que é unha corda que serve para recollelo, de tal maneira que, ao tirar polo *gapio*, a *boca* da rede cerra impedindo que a pesca escape. Do *gapio* tírase dende a *pía* e por iso os muros da parte posterior cóbrense con taboleiros de madeira que evitan que o *gapio* rompa ao rozar coa pedra.

APARELLO OU REDE



Basado en Ladra, 1997. P.269

A pesca recóllese nunha *arqueta*, que é un caixón de madeira que se sitúa, ben amarrada e dentro da auga, na parte posterior da *pía*. Deste xeito a anguía mantense viva.

As caneiros localízanse na marxe do río e pódese acceder a elas a pé, mentres que para a pesca en caneiro necesítase o *batuxo*, que é a embarcación tradicional da zona. O *batuxo* é rectangular, ten a proa levantada, a popa recta, e é plano na base polo que non necesita case calado. Para navegar nel emprégase a vara, tamén chamada *remo* ou *pértega*, un pau longo de boa dureza que posúe nun dos extremos unha punta de metal que normalmente é de ferro e que se chama *ferrollo*. Este crávase no leito do río para producir o empuxe da barca, é importante levar varias varas porque, ás veces, pode quedar presa entre as

pedras do leito do río e é difícil de sacar. Ao chegar ao caneiro, o *batuxo* colócase amarrado á parte posterior da *pía* que fai de embarcadoiro, xa que protexe a embarcación do embate da corrente.

A anguía pescábase, sobre todo, entre setembro e decembro, aínda que se podía prolongar ata xaneiro; todo dependía das choivas. Antes, igual que agora, cando crece o río ármase o aparello e as *espigas* conducen a auga cara ás *bocas* con tanta forza que non deixa que o peixe dea a volta. A anguía quere noites escuras e correntes de auga forte, polo que son esas noites sen lúa e de chuvias torrenciais, cando o río aloda, as idóneas para pescar. E o mellor lance (as distintas ocasións nas que se coloca o aparello ao longo da noite) é o denominado *lance de atardeceres* que dura máis ou menos unha hora e que sucede xusto no momento en que escurece, é dicir, no lusco e fusco.

Era tanta a pesca que, aínda que pareza pola disposición dos caneiros no río que só pescarían os situados ao norte, as anguías, aproveitando as fortes correntes producidas polos temporais, saltaban por enriba das *espigas* e dos *aparells*, así que cando, dende o primeiro caneiro se observaba abundancia de anguía *aturuxábase* para que os pescadores dos caneiros sucesivos armaran as redes rápido. O *aturuxo* ía soando de caneiro en caneiro para o que parecía ía ser unha boa noite de pesca.

A pesca da anguía, e por conseguinte os caneiros e caneiros, foron ao longo dos séculos un pilar fundamental na economía do antigo Portomarín, unha vila medieval, asolagada no ano 1963 a pesar de que dende o ano 1946 era Conxunto-Histórico-Artístico, e que se estendía polas dúas marxes do río Miño, unha ocupada pola freguesía de San Pedro e outra pola de San Xoán ou San Nicolás. Temos referencias históricas que nos falan da abundancia de anguías e da importancia que tiñan na armadura económica da vila, xa que o peixe ademais de como alimento utilizábase para comerciar e mesmo como forma de pagamento. Xa no século XVI, o Licenciado Molina na descrición do Miño e o seu percorrido cita “de alí vai logo a Portomarín, onde o río cría alí e hai tanta multitude de anguías que non podéndose gastar sálganse e lévanse polo reino” (Molina, 2003, p. 169).

A mediados do século XVIII nas anotacións feitas no Catastro do Marqués da Ensenada aparecen reflectidos o número de caneiros e o nome dos propietarios, así como o valor das anguías, que se vendían por ducias e eran máis valoradas que as troitas. No interrogatorio de San Pedro de Portomarín “Al Capitulo Catorce digeron que una Docena de Anguilas Tres reales. Una Dozena de truchas un Real”; no interrogatorio da Vila e Freguesía de san Nicolás de Portomarín “Al Capitulo catorce dijeron que una dozena de Anguilas frescas dos rreales y siendo curadas tres rreales”.

No 1752, a meirande parte da propiedade dos caneiros era particular aínda que as freguesías e xurisdicións fosen de señorío, pertencendo: a de San Pedro de Portomarín e a de San Xoán do Loio ao Marqués de Bóveda, Don José Pimentel; a de San Nicolás ao Comendador da Encomenda de Portomarín; e a de San Facundo de Ribas de Miño dividíase entre a Condesa de Lemos e o Real Mosteiro de Monte de Ramo. Neste último caso aparecen rexistros sobre os pagamentos que se facían coas anguías, así “los correspondientes al señorío del Real Monasterio de Ramo pagan por razon de señorío y vasallage los de maior Caudal a cinco empanadas de anguilas: los de mediano a quatro: y los de menor ados; y a una y media: demanera que dicho Partido ha de ascender cada año a veinte empanadas o por ellas veinte reales de Vellon losmismos que les regulan”.

Con esta mesma documentación identifícanse o número de caneiros, os nomes dos propietarios e o que obtían de cada un deles. Grazas a isto, como se dixo, sabemos que a maior parte dos caneiros na metade do século XVIII, pertencían aos veciños. Segundo se desprende do libro de interrogatorios tanto os dez caneiros de San Nicolás de Portomarín, como tres caneiros de San Xoán de Loio, e os oito caneiros de San Facundo de Ribas de Miño son propiedade dos homes e das mulleres da zona, mentres que tan só os tres caneiros que hai en San Pedro de Portomarín pertencen dous ao Marqués de Bóveda e un ao Cabido da cidade de Santiago.

A pesca nos caneiros, por tanto, mantívose dun xeito parecido ao longo dos séculos mesmo despois da ordenación feita en virtude da Lei do 20 de febreiro de 1942, pola que se regulou o fomento e conservación da pesca fluvial, que a prohibiu expresamente, así no artigo 21 di:

“Queda prohibido en absoluto la construcción de barrera con piedras, tierras y cualquier otro material, así como la de empalizadas, con finalidad de encauzar las aguas para obligar a los peces a seguir una dirección determinada. También se prohíbe terminantemente construir muros, paredes, estacadas, empalizadas, atajadizos, caneiros, cañizales o pesqueros que sirvan como medio directo de pesca, o a los que se puedan sujetar, en cualquier forma, arte que la faciliten, debiendo ser destruidos los existentes en la actualidad, sin que pueda alegarse derecho alguno sobre los mismos, dado el carácter abusivo que revisten”

Aínda que os nosos informadores eran coñecedores da existencia dunha prohibición, non sabían a causa e, segundo afirman seguíuse pescando máis ou menos como antes, a pesar de que, ás veces, houbera algunha sanción, en xeral non se inspeccionaba moito porque se daban conta de que era a súa forma de vida.

Na actualidade a pesca da anguía nos caneiros de Portomarín volve existir grazas ao labor da Asociación O Carrual, que naceu no ano 1995 coa intención de manter esta pesca tradicional e que segue a traballar para recuperar e conservar a anguía e o seu contorno natural.

Foron veciños dos concellos de Portomarín, Guntín, Páramo e Paradela os que co seu activismo conseguiron o permiso para restaurar os caneiros. As negociacións duraron varios anos e foron a dúas bandas xa que necesitaban a aprobación da hidráulica para que lles permitira reconstruír os caneiros e a autorización da Xunta para poder pescar neles. Finalmente, o convenio de cesión de uso dos caneiros formalizouse entre FENOSA e a Asociación O Carrual o 14 de outubro de 1996, e a Confederación Hidrográfica do Norte concedeulles o consentimento para restauralos en decembro do mesmo ano.

Tamén conseguiron da Xunta a autorización para pescar anguía nos caneiros, para o que asinaron un convenio de conservación da especie que fai referencia aos meses nos que se permitirá a pesca e, a solta de anguías que propiciará o repoboamento do río.

Así, decidiron que se poderían empregar os caneiros para a pesca da anguía de setembro a xaneiro, xa que en febreiro comeza a troita a criar e non se pode pescar, e que todo o peixe que non fosen anguías deberían devolvelo ao río. Coa intención de preservar a anguía resolveron que parte das capturas terían que entregalas vivas e metelas en depósitos de auga que despois se soltarían por debaixo de Frieira, así as anguías poderían chegar ao Mar dos Sargazos para reproducírense e continuaren o seu ciclo. Nos primeiros anos a cota da anguía que tiña que entregar cada caneiro era duns cinco quilogramos, pero foi baixando e actualmente é de cinco anguías, aínda que lles piden que sexan as máis grandes xa que se reproducen mellor. Pola súa parte, ao chegar a primavera, os funcionarios da Xunta collerían as crías, as angulas, no leito fluvial próximo a presa de Frieira para logo depositalas no Pozo de Navallos, situado ao norte de Portomarín, xa que este pozo é unha das zonas de máis profundidade do Miño por esta zona.

Tradicionalmente, antes da construción da presa, dicíase que as anguías se agochaban neste pozo, que pasaban aquí toda a primavera e o verán, e logo no outono ao facerse adultas, e coas primeiras chuvias fortes, iniciaban o descenso ao mar. A Asociación O Carrual recupera esta tradición, pero por mor das distintas presas que hai no río é o home o que ten que recoller as crías e depositalas no Pozo Navallos.

Aínda que os membros da Asociación podían pescar nos caneiros, esta pesca non estaba regulada así que tiñan que sacar licenza de troita e, se llo requirían, ensinar tamén o carné da Asociación, unha cuestión que se está a regularizar coa nova Lei 2/2021 de pesca continental de Galicia promulgada en xaneiro, xa que recolle no artigo 65 que a pesca continental de carácter etnográfico gozará de especial protección, sendo unicamente obxecto desta pesca a lamprea e a anguía.

Dos moitos caneiros que había unicamente entraron na Asociación trinta e catro, e moitos deles xa quedaron en desuso, actualmente só quedan dezaseis en activo. O progresivo abandono tería que servir para dar a voz de alarma, pero afirman que non é así, e falan con pesadume de que non haberá relevo porque as novas xeracións non están curtidas na pesca en caneiros, así que cando eles non poidan xa ir aos caneiros esta arte de pesca desaparecerá.

“Cando non haxa caneiros os nosos ríos serán menos fermosos e a súa canción máis monótona. (...). Se o canto dos carros era a voz do solpor e a dos pechos da noite, o canto do río nos caneiros é a voz misteriosa e aluciada da outa noite. Quen o escoitou moitas veces sábeo ben”. (Elexía polos caneiros. Manuel María)

BLIBLIOGRAFÍA

BAS LÓPEZ, B. (1983) “As construcións populares. Un tema de etnografía en Galicia”. *Cadernos do seminario de Sargadelos*. Vol.44. Sada: Edicións do Castro.

Catastro do Marqués de la Ensenada: libros interrogatorio de: San Pedro de Portomarín; San Nicolás de Portomarín; San Juan de Loio e San Facundo de Ribas de Miño. Consultados no enlace seguinte: <https://acortar.link/gjXqO> (17/2/2021).

FERNÁNDEZ, MANUEL MARÍA. (1990) *Andando a Terra: [1977-1987] / Manuel Hortas Vilanova*. Escolma ao coidado de Miguel A. Mato Fondo e M^ª Pilar García Negro. Vigo: Edicións A Nosa Terra.

JEFATURA DEL ESTADO. *Ley de 20 de febrero de 1942 por la que se regula el fomento y conservación de la pesca fluvial*. BOE nº 67 de 8 de marzo de 1942, 1942. Recuperado: <https://acortar.link/C1Xvw> (15/3/2021).

LADRA FERNÁNDEZ, X. L. (1997) *Os caneiros de Portomarín: achega a un peculiar e desaparecido sistema de pesca da anguía no río Miño*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos. CSIC.

MOLINA, B.S. DE. (2003) *Descrición do Reino de Galicia. Licenciado Molina, ano 1550*. Noia, A Coruña: Toxosoutos; A Coruña: Orbigo.

PAZ LÓPEZ, G. (1961) *Portomarín: monografía geográfica de una villa medieval*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Zaragoza: Instituto El Cano.

PORTELA C. ET AL. (1981) “Informe sobre as pesqueiras do río Miño”. *Acta das III xornadas da arquitectura galega*. Compostela: Publicacións do C.O.A.G.

XUNTA DE GALICIA. *Ley 2/2021, de 8 de enero, de pesca continental de Galicia*. DOG nº 9, viernes 15 de enero, 2021, p. 2244. Recuperado: <https://acortar.link/iginN> (20/3/2021).

Artigo baseado na investigación realizada por: Erundina Alvela Figueira e Rosario Gómez Alcalde.